

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE AVALIACIÓN DAS ENSINANZAS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ORDE 25 XANEIRO 2022)

PROMOCIÓN Art. 8

Criterios de Promoción

O equipo docente como consecuencia do proceso de avaliación, na sesión de avaliación final decidirá atendendo aos seguintes criterios de promoción na ESO:

- Superar todas as materias cursadas.
- Ter 1 ou 2 suspensas (tamén computan as de cursos anteriores)
- Máis de 2 materias suspensas si se cumpren simultaneamente todas as condicións seguintes:
 - Media aritmética das cualificacións obtidas igual ou superior a 5.
 - Que a natureza das materias superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
 - Que ten expectativas favorables de recuperación
 - Consideración de que a promoción beneficia a evolución académica.
- Repetición, medida excepcional. 1 soa vez no mesmo curso e 2 no ensino obrigatorio. Excepcionalmente, 1 repetición a maiores en 4º ESO. Realización dun Plan Específico Personalizado para o alumnado repetidor

TITULACIÓN Art. 10-11

Os criterios de titulación da ESO que seguirá o equipo docente son os seguintes:

- Se superan todas as materias.
- Con materias suspensas si se cumpren simultaneamente todas as condicións seguintes:
 - Media aritmética das cualificacións obtidas igual ou superior a 5.
 - Que o alumno/a adquira as competencias establecidas
 - Que o alumno/a alcance os obxectivos da etapa
- Pode titular o alumnado con AC

MATRÍCULA DE HONRA Art.12

Os alumnos/as que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media igual ou superior a 9 puntos, poderá recibir a mención de matrícula de honra. O número de matrículas de honra que se poden conceder queda determinado polo número de alumnado matriculado en 4º da ESO. Concederáse como máximo a un número de alumnos/as igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total matriculado.

- En caso de empate o criterio a seguir é a nota media máis alta dos cursos anteriores da ESO.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE AVALIACIÓN DAS ENSEÑANZAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA (ORDE 25 XANEIRO 2022)

PROMOCIÓN Art. 6

- Ao finalizar os cursos 2º, 4º e 6º; como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado tendo en conta os seguintes criterios:
 - Os alumnos promocionarán de curso no caso de superar todas as materias cursadas.
 - Os alumnos non promocionarán de curso cando se cumpran as seguintes condicións:
 - Non se acadaron o grao de competencias correspondentes e non se logrou unha progresión adecuada na consecución dos obxectivos.
 - Existencia dun desfasamento curricular notorio que compromete o seu desenvolvemento.
- O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa.
 - Apoios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
- A non promoción e a permanencia no mesmo curso dun alumno/a, considerase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o seu desfasamento curricular ou as súas dificultades de aprendizaxe. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso (só unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal):
 - Plan de reforzo.
- Toma de decisións:
 - Xeito colexiado.
 - Tendo en conta criterios de promoción establecidos.
 - Consideración da información e o criterio do profesorado titor.
- No resto dos cursos (1º, 3º e 5º) a promoción será automática.